

Friedrich Hölderlin en galego (con especial referencia ás traducións de Álvaro Cunqueiro)¹

Johannes Kabatek

RESUMO

Johannes Kabatek comeza este estudo referíndose á recepción da obra de Hölderlin en España a principios de século e nos anos trinta, centrándose para isto en Carles Riba e en Luis Cernuda, respectivamente. A seguir, describe a recepción do poeta alemán en Galicia e atende con detalle ás traducións feitas por Álvaro Cunqueiro, comenta as dificultades e os erros que detecta nas versións galegas. Inclúe algúns textos en alemán, francés e galego, ademais das pertinentes explicacións dos cambios que sufriron ao longo do tempo. Remata cunha exposición das vantaxes e dos inconvenientes de traducir a Hölderlin na actualidade. Nun apéndice final recolle poemas deste autor traducidos na revista *Nós* en 1933-1934.

ABSTRACT

Johannes Kabatek begins this study by looking at the reception of Hölderlin's works in Spain at the beginning of this century and in the 1930s, concentrating on Carles Riba and Luis Cernuda. He then describes the reception of the German poet in Galicia, examining in detail the translations done by Alvaro Cunqueiro, and discussing the difficulties and mistakes he discovers in the Galician versions. He includes texts in German, French and Galician, with commentary on the changes undergone over time. He finishes with a discussion of the pros and cons of translating today. An appendix reproduces translations of Hölderlin's poems published in the magazine *Nós* in 1933-34.

1. Introducción

Falar de Friedrich Hölderlin, da súa recepción en Galicia e de traducións da súa obra ao galego implica falar de varios temas: en primeiro lugar, implica falar do poeta Hölderlin e da maxia da súa linguaxe, unha maxia que vén dada, entre outras cousas, pola súa arte de transposición dun mundo mítico e dun verso marcadamente grego e clásico ao prerromanticismo alemán de finais do século

1. O presente artigo é unha versión ampliada e actualizada dunha conferencia presentada no marco do V congreso da AIEG en setembro do 1997 en Tréveris. Quero expresar o meu profundo agradecemento a Miguel Anxo Seixas Seoane e a Anacleto Ferrer por térenme facilitado o acceso a algúns textos hölderlinianos de difícil alcance e por algunhas precisións bibliográficas.

XVIII e de principios do XIX. En segundo lugar, implica falar das relacións entre a poesía hölderliniana e Galicia e, máis en xeral, España, incluíndo a súa recepción tanto en Cataluña coma no centro da Península. E en derradeiro lugar, hai que falar da lingua literaria galega, unha lingua problemática e de difícil traxectoria; lingua que pola linguaxe poética de Hölderlin se ve levada aos puntos máis extremos das súas posibilidades², con tal que poderíamos preguntarnos dun xeito algo provocador: “¿é posible traducir a Hölderlin ao galego?”³. Pero sobre este punto volverei máis adiante.

2. A recepción de Hölderlin en España a principios do século XX: Carles Riba

Falemos, en primeiro lugar e de maneira máis ben xeral, da recepción de Hölderlin en España. A historia completa desta recepción aínda está por escribir. Malia a isto, dispoñemos dalgúns datos e mesmo de estudos exhaustivos sobre certos aspectos particulares⁴. Segundo Anacleto Ferrer (1994-95, 103), a primeira noticia sobre Hölderlin en España aparece pouco antes de que morrese o poeta, no número 204 da publicación periódica *El Herald*, onde o 14 de marzo de 1843 é anunciada a morte de Hölderlin. A noticia, falsa –xa que aínda non morrera– e con varias informacións incorrectas, pon a tolemia de Hölderlin como exemplo negativo e como advertencia aos poetas españois da época, e relaciona a “vida malgastada” do poeta suabo coa do romántico-liberal José de Espronceda.

Esta primeira nova é máis ben anecdótica e non ten maiores consecuencias. A verdadeira recepción de Hölderlin en España comeza moito máis tarde, século e medio despois do seu nacemento, e ten o seu punto de orixe en Cataluña, como tantas veces na recepción da literatura europea en España. Pensábase comunmente que foi Carles Riba –este grande poeta catalán que tamén deixou algúns textos en galego⁵– o introductor de Hölderlin en España⁶. Pero existe, antes das primeiras versións ao catalán, un libríño de 20 traducións feitas ao castelán por

2. Isto non é válido só para a lingua galega senón para as traducións de Hölderlin en xeral, como observou Paul Hoffmann (1994-95, 17): “man versteht das Einzigartige eines Gedichts nie besser als im Vergleich mit einer Übersetzung. Im Hinblick auf die Übersetzung offenbart sich die Dramatik des Übersetzens als ein Ringen der Zielsprache um Annäherung an eine Höchstleistung der Dichtung, was die Anspannung aller Kräfte erfordert. Dieser nie versiegende Ansporn geht von den größten fremden Dichtungen aus. In dieser Herausforderung liegt die Bedeutung für die Möglichkeit der Zielsprache zur gesteigerten Aktivierung ihres Potentials. Dadurch wird der Sprache ein Äußerstes abverlangt, was zu einem gewaltsamen Umgang mit der Sprachnorm führen kann.” Este “tratamento violento da norma lingüística” é, sen embargo, moito máis problemático no caso de linguas con pouca estabilidade das normas e con pouca tradición en certos tipos textuais, como é o caso da lingua galega.

3. Esta pregunta encerra en realidade dúas cuestións: a pregunta xeral, tantas veces formulada, acerca da posibilidade da tradución, e tamén, de forma máis particular, a cuestión de se a lingua literaria galega xa adquiriu a madurez necesaria para servir de base para unha tradución dun poeta como Hölderlin.

4. *Vid.*, en primeiro lugar, Ferrer, 1994-95; para Cataluña: Medina, 1987; e sobre o caso de Cernuda, Ulacia, 1984.

5. Cf. Xesús Alonso Montero, 1983.

6. Jaime Medina (1987, 24–27) discute a cuestión se foi Carles Riba ou Joan Crexells o introductor de Hölderlin en España, chegando á conclusión que “baldament fos Riba qui descubria el poeta alemán, el seu veritable presentador a Catalunya fou Joan Crexells” (*ibid.*, pp. 93).

outro catalán ilustre, o filólogo (e máis tarde colaborador de Pompeu Fabra) Manuel de Montoliu, publicado no ano 1921 en Barcelona⁷. Montoliu estudiou filoloxía románica en Halle con Bernhard Schädel e Hermann Suchier a partir de 1908 cunha bolsa da Diputación Provincial de Barcelona e marchou en 1920 a Hamburgo como lector de castelán e de catalán. O descubrimento de Hölderlin por Carles Riba parece sen embargo directo e non condicionado por Manuel de Montoliu, pero tamén pode ser que Riba xa coñecese a tradución antes de marchar para Alemaña en 1922 cunha bolsa da Mancomunitat de Catalunya que lle permitiu estudar na Universidade de Múnic co famoso romanista Karl Vossler. Nunha carta ao seu amigo López Picó que data do 29 de xuño de 1922, Riba escribe:

He descubert (per lo que a nós toca, naturalment) un enorme poeta líric, contemporani de Goethe i que a estones ho sembla de nosaltres: Hölderlin. (en Medina 1987, 12–13)

Este “que a estones ho sembla de nosaltres” sorprende nunha recepción tan tardía, pero ao mesmo tempo é un fenómeno frecuente na recepción hölderliniana e resoará anos máis tarde tamén en Galicia: Hölderlin semella *contemporáneo* aos poetas españois dos anos vinte e trinta, e en parte ata aos poetas da posguerra. Contemporaneamente a Riba, outro descubridor de Hölderlin, o amigo de Riba e tamén helenista Joan Crexells, anota nun ensaio co título “Hölderlin, el poeta de l’hora”, publicado en 1923:

Si pregunteu avui a un alemany intelligent quin és el poeta més llegit i ensems el poeta nacional, us dirà sense vacillar: Hölderlin. (en Medina 1987, 27)

A razón do descubrimento de Hölderlin por Crexells e Riba é, como ben explica Jaime Medina (1987, 27), o renacemento da obra do poeta en Alemaña despois da publicación das obras completas de Seebas e Kasack en 1921 e dos traballos sobre Hölderlin de Ferdinand von Hellingrath ou de Karl Viëtor, renacemento condicionado pola situación dunha Alemaña desfeita e chea de saudades naqueles anos despois da primeira guerra mundial⁸. Pero o impacto de Hölderlin sobre Riba, que ata cambia en parte a súa orientación como poeta, non se pode explicar só pola actualidade de Hölderlin en Alemaña: como helenista, Riba comprende a “helenidade” de Hölderlin e demostra, nas súas *Versions de Hölderlin*, que este é perfectamente trasladable á lingua catalana.

7. Publicouse sen data como n° XXX da colección *Las mejores poesías (líricas) de los mejores poetas* na editorial Cervantes de Barcelona. Teño unha copia que me deixou Anacleto Ferrer, quen fixou a data de publicación do libriño en 1921 por medio do catálogo da Biblioteca Nacional de Madrid (cf. Ferrer 1994-95, pp. 107).

8. Así, Crexells escribe no mencionado artigo de 1923: “l’Alemanya avui es troba amb la mateixa vida desfeta i destrossada que el seu poeta [...]. La guerra ha fet perdre a Alemanya, no sols l’exèrcit i les colònies, sinó quelcom de més important: li ha fet perdre la confiança en ella mateixa.” (en Medina 1987, pp. 27–28).

3. A recepción de Hölderlin en España nos anos trinta: Luis Cernuda

Non moitos anos despois da súa recepción en Cataluña, o descubrimento de Hölderlin por outro dos grandes poetas españois deste século ten un efecto semellante ao que tivera no caso de Riba. A principios dos anos trinta, Luis Cernuda comeza a ler a obra de Hölderlin coa axuda dun amigo alemán. Esta lectura é comentada despois por Cernuda mesmo en *Historial de un libro* (publicado en 1958):

antes de componer el “Himno a la Tristeza” comencé a leer y a estudiar a Hölderlin, cuyo conocimiento ha sido una de mis mayores experiencias en cuanto a poeta. (en Cernuda 1994a, 640)

Na mesma ocasión, Cernuda explica tamén a maneira na que traduce a Hölderlin:

Vivía entonces en Madrid Hans Gebser, poeta alemán que, con la ayuda de un amigo inglés, Roy Winstone, traducía los textos para una antología de los poetas de mi generación, la cual se publicaría en Berlín poco tiempo antes de comenzar la guerra civil. De ahí la ocasión de nuestro conocimiento, y gracias a él pude poner en práctica mi propósito de estudiar a Hölderlin, de quien había leído algo. Con la colaboración de Gebser, emprendí luego la traducción de algunos poemas; pocas veces, excepto en mi traducción de *Troilus and Cressida*, de Shakespeare, he trabajado con fervor y placer igual. Al ir descubriendo, palabra por palabra, el texto de Hölderlin, la hondura y hermosura poética del mismo parecían levantarme hacia lo más alto que pueda ofrecernos la poesía. Así aprendía, no sólo una visión nueva del mundo, sino, consonante con ella, una técnica nueva de la expresión poética. (en Cernuda 1994a [1958], 640–641).

Aquí tamén temos o impacto do “más alto que pueda ofrecernos la poesía” que deixa a súa marca despois na propia poesía do que o recibe e quen o traduce, aínda que con dificultades⁹. Como dixo Alexander Coleman, “Cernuda considered Hölderlin to be the exemplary poet” (Coleman 1969, 39). O que atrae de Hölderlin é a súa invocación dun “mundo irreparablemente perdido” (Ulacia 1984, 108) e a imaxe do poeta mesmo: Hölderlin é un poeta marxinado¹⁰, que, como diría Cernuda en “La gloria del poeta”, poema que é como unha especie de dedicatoria a Hölderlin, vive nesta “sucia tierra donde el poeta se ahoga” (Cernuda 1993, 233).

9. Cernuda confesa (1994a [1958], pp. 641): “Mi conocimiento de la lengua alemana era menos que elemental, y tuve que dejarme guiar por Gebser”.

10. “Otro elemento importante que Cernuda descubrió en la poesía de Hölderlin y que luego pasó a ser parte también de la suya, fue la idea muy romántica del poeta como ser marginado. Esta temática, en realidad, constituye la otra cara de la moneda de la temática de los dioses: el poeta no encuentra lugar en la sociedad moderna porque su visión corresponde a una forma de vida olvidada, un tiempo mítico en donde los dioses todavía existían, en donde los hombres todavía creían en las divinidades.” (Ulacia, 1984, pp. 110).

Hai un famoso episodio recollido por Hellingrath no seu ensaio titulado *Hölderlins Wahnsinn*¹¹, “A loucura de Hölderlin”, de dubidosa autenticidade pero que tivo un impacto importante na recepción. Orixinalmente, esta anécdota fóralle contada ao escritor alemán Moritz Hartmann por unha señora nobre francesa no seu pazo preto de París no ano 1852. A señora conta que un día, a principios dos anos 1800, no xardín do pazo apareceu un home distraído que falaba –probablemente en grego antigo– coas estatuas dos Deuses gregos que alí se atopaban. Invitan ao individuo raro á casa e descubren que fala francés cun acento marcadamente alemán (ou suabo, mellor dito), que non comeu en días e que non parece deste mundo xa que fala do mundo grego antigo como se fora a súa terra. A anécdota só pode referirse a Hölderlin e axudou a alimentar o seu mito. Coñecerón tanto Carles Riba¹² coma Cernuda, quen a menciona na *Nota marginal* ás súas traducións de 1935¹³ e quen no último poema de *Invocaciones* titulado *A las estatuas de lo Dioses*, fai alusión a esa anécdota¹⁴, a cal ilumina un aspecto fundamental de Hölderlin: vivía o poeta nun mundo grego antigo (e en gran parte, a traxedia da súa vida vén sendo dada polo contraste entre ese mundo perdido e o mundo contemporáneo a el), mundo mitolóxico onde están vivos os cantares dos poetas gregos, un mundo literario no que resoan as odas e os himnos de Píndaro e de Sófocles. Moitos dos seus versos, a consecuencia diso, parecen versos *pensados en grego* e escritos en alemán, polo menos no que ao ritmo e ao ton hímnico se refire¹⁵. Isto é moi importante e hai que telo en conta tamén á hora de traducilo¹⁶.

4. Hölderlin en galego: Álvaro Cunqueiro

En Galicia, un ano antes da publicación das versións de Hölderlin de Cernuda, Álvaro Cunqueiro publica na revista *Nós* unha nota e unhas traducións de poesía hölderliniana. A nota é sobre todo biográfica e remata coas seguintes palabras:

Da primeira época –romántica i-helenizante– é o poema “Adeus”, “Idades da vida” e “Primaveira” son poemas da época de Hamburgo, cando

11. *Vid.* Hellingrath 1921.

12. *Vid.* Medina 1987, 36.

13. “En diferentes ocasiones de la juventud, Hölderlin realizó varias tentativas para someterse a las reglas sociales [...]; los sufrimientos de su servidumbre, medio profesoral, medio doméstica, entre familias bien acomodadas, debieron ser terribles. Pasó largo tiempo perdido en vida; parece que alguien le encontró enajenado un día al pie de las estatuas mitológicas en un parque de París.” (Cernuda, 1994b, pp. 104–105)

14. Como di Ulacia (1984, pp. 111), este poema “se caracteriza por un vocabulario marcadamente hölderliniano”. De feito, o texto (“Hermeras y vencidas soñáis./ Vuelos los ciegos ojos hacia el cielo./ Mirando las remotas edades/ De titánicos hombres./ Cuyo amor os daba ligeras guimaldas/ Y la olorosa llama se alza/ Hacia la luz divina, su hermana celeste...”) case podería ser unha tradución dun poema de Hölderlin.

15. Isto pódese ver sobre todo cando se comparan as traducións de Hölderlin do grego antigo coas súas propias poesías.

16. Carles Riba, como helenista, deuse conta disto igual ca Joan Crexells, traductor de Platón, e tamén Luis Cernuda, quen opón o helenismo de Hölderlin ao que chama o pseudohelenismo da poesía española: “piénsese que en nuestra poesía, como en la francesa, a excepción tal vez de André Chenier, los mitos griegos son únicamente un recurso decorativo; pero nunca eje de una vida perdida entre el mundo moderno y para quien las fuerzas secretas de la tierra son las solas realidades; lejos de estas otras convenciones por las que se rige la sociedad” (Cernuda, 1994b, pp. 104).

escribía o “Emilie von ihrem Brauttag”, e comenzaban *a nascerlle os máis finos vidros da outra razón, da razón de detrás da cabeza*. (Nós 130, 1933-34, p. 151, a cursiva é do orixinal)

Cunqueiro tiña coñecemento da vida e obra de Hölderlin –probabelmente como únicas fontes– por unha banda, pola traducción francesa do libro de Stefan Zweig, *Der Kampf mit dem Dämon* (1925), ensaio biográfico-comparativo entre Hölderlin, Kleist e Nietzsche e que se centra na loucura dos tres, é dicir, no caso de Hölderlin, nos últimos anos da vida, anos dos que data o texto *Primaveira* do que Cunqueiro ofrece unha traducción, e, pola outra banda, pola famosa traducción francesa dos chamados *Poèmes de la folie*, de Pierre Jean Jouve e de Pierre Klossowski, publicada en París no ano 1930¹⁷. Non é estraño, polo tanto, que o que máis destaca Cunqueiro na *Nota* que publica xunto cos poemas é a loucura de Hölderlin, como tamén observou Claudio Rodríguez Fer:

Está pois moi lonxe este Hölderlin que Cunqueiro traduciu e admirou do que estudaran e admiraran metafísicos como o poeta Rilke ou o filósofo Heidegger. Cunqueiro viu a Hölderlin ao romántico, ao idealista e, sobre todo, ao personaxe trágico máis que ao verdadeiro poeta. (Rodríguez Fer 1981, 177)

Velaquí unha constante na recepción de Hölderlin. Máis alá da súa obra, Hölderlin considérase a encarnación do poeta sufridor pola súa propia biografía. Goethe de mozo escribe o *Werther* e segue tranquilo e vivo, mentres varios dos lectores do libro se suicidan. Hölderlin, en cambio, non compensa as súas crises por medio da súa obra: vive a primeira metade da súa vida buscando a súa felicidade, a súa Diotima e o seu paraíso grego inexistente, ata afogarse na loucura durante a segunda. É curioso, neste contexto, o éxito que tiveron os chamados *Poemas da loucura* tanto en Francia coma en España; textos en parte superficiais e máis parodias –lingüísticamente ás veces preciosas– do que poemas serios, pero que sempre encontran algún lector que ve unha tremenda profundidade neles.

17. González Gómez (1990, pp. 52) ignora a orixe das traduccions: “Unha das interrogantes que sempre quedarán é saber de que idiomas traduciu estes primeiros poemas, pois ¿sabía o escritor galego alemán?” Parece que González Gómez non coñece a edición orixinal de Jouve/Klossowski, aínda que a cite varias veces e incluso ofrezca unha versión interlineal bilingüe (en francés e galego) de *Idades da vida*, dicindo que a versión francesa é a de Jouve/Klossowski (*vid.* González Gómez 1990, pp. 54). Pero a versión que presenta non é a publicada por Jouve/Klossowski no 1930 en París e incluso difire dela considerabelmente. Non sei entón de onde copiaría González Gómez a versión francesa que publica no seu libro. Máis tarde, na introducción a unha escolma de poemas traducidos por Cunqueiro publicada en 1991, González Gómez di (*vid.* pp. 8, nota 4) que chegou a ver as versións francesas de Jouve/Klossowski só cando o seu libro de 1990 xa estaba no prelo. Por se fose pouco, segue mantendo a súa opinión evidentemente errónea (citándose a si mesmo) e só reconece unha coincidencia parcial entre a versión de Jouve/Klossowski e a de Cunqueiro (1991, pp. 8), sen confesar que a súa comparación se baseara nunha versión equivocadamente atribuída a Jouve/Klossowski. Sen embargo (e contrario ao que di González Gómez), comparando a verdadeira versión de Jouve/Klossowski de 1930 coa de Cunqueiro, xustifícase tanto a escolla dos poemas que fai (o seu primeiro poema coincide co primeiro da colección de Jouve/Klossowski, os outros dous están incluídos nela) como os erros de traducción de Cunqueiro (*vid.* máis abaixo, cap. 5), explicábeis mellor como malentendidos do texto de Jouve/Klossowski que non como malentendidos do texto orixinal. Non queda pois ningunha dúbida de que Cunqueiro traduciu dende o francés.

No ano 1950¹⁸, Cunqueiro publica un pequeno folleto con dez poemas de Hölderlin, entre os cales están os tres xa publicados en *Nós* nos anos trinta. Inclúe o folleto un poema de Cunqueiro dedicado a Hölderlin e unha nota biobibliográfica¹⁹. As informacións sobre a datación destas traducións son contradictorias: debaixo do poema *A Hölderlin* aparece o subtítulo “ao rematar ista traduzón, maio 1950”. Ao mesmo tempo, na nota que acompaña os textos, Cunqueiro di que “é un poema da miña xuventude –alá polo ano 1934–, cando despois da lectura de *A loita co demo* de Stefan Zweig, fun irresistibelmente levado a coñecer o grande e desventurado poeta”.²⁰ Aínda así, parece que non se trata só dunha nova publicación dos textos de *Nós* coa inclusión de textos aínda inéditos pero xa traducidos anteriormente, senón dunha tradución (ou, cando menos, dunha revisión) nova, xa que os tres textos xa publicados aparecen con lixeiras modificacións, e, no caso de *Idades da vida*, cunha clara corrección. A Cunqueiro parece importarlle sobre todo este último texto, xa que del se publicarían aínda dúas versións máis ao longo da súa vida, das que habemos falar máis abaixo.

No mesmo ano 1950, Cunqueiro fala nunha carta a un amigo, como antes Riba e Cernuda, da “actualidade de Hölderlin” e da súa “contemporaneidade”²¹. Aínda así, parece que non penetrou moito no mundo poético de Hölderlin, sobre todo non parece que chegase a coñecer as obras principais como por exemplo os grandes himnos²².

18. Sabemos que Cunqueiro coñeceu, en 1934, a Carles Riba en Barcelona. Ignoramos, sen embargo, se daquela ou despois falaron de Hölderlin ou se as traducións de Hölderlin feitas por Riba exerceron algunha influencia sobre Cunqueiro.

19. Na portada hai un gravado subtítulado “Cunqueiro: Retrato da poesía de Hölderlin (fragmento)”. O folleto publícase como caderno 1 das “edizós do pescador de cana” con data de “primaveira MCML”. Imprimíronse 200 exemplares numerados e selados na imprenta Xesús López Díaz de Mondoñedo. A copia que moi amablemente me deixou Miguel Anxo Seixas Seoane leva o número 127 e a seguinte dedicatoria da man de Cunqueiro: “A Pedro de Llano, iste eisemprar das miñas trazós do vello e tan amado Hölderlin.”

20. Supoño que sería á base desta información pola que Claudio Rodríguez Fer afirmou que “o dito poema parece datar xa de 1934” (Rodríguez Fer 1981, pp. 177).

21. “A) Actualidade de Hölderlin: Éste volta a ser considerado nun primeiro plano pola máis alta poesía do noso tempo. É unha fonte viva, e a súa experiencia poética, pola mesma traxedia da súa vida, esgotadora. [...] Esta “actualidade”, ou, millor, “perennidade” de Hölderlin foi por mfn vista xa polo 1933-34, cando o traducín pra “Nós”. b) Hölderlin é un clasicismo que é *posíbel* pra nós, galegos. Vainos Hölderlin millor que Virxilio, que era, no fondo, unha melanconía insondável. El ollaba columnas nas mámoas turinxias e fixo combatible a bidueira e o orde dórico, a asamblea dos ventos nos castiñeiros e a craridade do discurso platónico. Nós, os celtas, podemos ser unha Grecia, outra eterna Grecia. Unha vida vagabunda ten tamén a súa arquitectura. Hölderlin amosouno. c) Hai que traducir ao galego aquilo que é apremiante, urxente, que seña dito entre nós, e si todo se fai arqueoloxía e cacheo de castros e arquivos, hai que botarse fora e decir, coa boca doutros, anosado, aquilo que os galegos deben saber. Quizaves todo sexa labrar e paredar no mar, pro non por eso deixarei de facelo.” (Álvaro Cunqueiro nunha carta a un amigo. A carta parece ser de 1950, xa que nela se fala do “centenario de Stevenson”), en: *Grial*, N° 72, 1981, pp. 272–273.

22. Da súa lectura do mencionado libro de Stefan Zweig, no que aparecen varios fragmentos de diversas obras de Hölderlin, Cunqueiro tería, sen embargo, unha certa impresión do conxunto da obra (tamén coñecería a anécdota das estatuas gregas do xardín preto de París enriba citada, xa que dela fala tamén Stefan Zweig). Ademais, a colección dos *Poèmes de la folie*, de Hölderlin na súa versión francesa de Jouve/Klossowski, á base da que Cunqueiro fixo as súas versións galegas, inclúe algúns “Poèmes de plusieurs époques”, entre outros, poesías tan famosas e importantes como *Hälfte de Lebens* (“Mitade da vida”) ou o *Hyperions Schicksalslied* (“Canto do destino de Hiperión”), que se publicaría pouco despois na versión pouco lograda de Blanco Freijeiro/Ferreiro.

Pouco despois das traducións de Cunqueiro, no ano 1951, publícase en Pontevedra un libríño con traducións galegas de poesía alemá feitas por Antonio Blanco Freijeiro e Celso Emilio Ferreiro, *Musa Alemá (Versión de 6 poetas)*, que inclúe dúas traducións de Hölderlin, *As Parcas* (do orixinal *Die Parzen*) e *Canzón do destino (Hyperions Schicksalslied)*. O feito de colaboraren nelas “un historiador de arte que coñece o alemán”²³ e un dos máis coñecidos poetas da posguerra galega fainos supor que se trata dunhas traducións importantes. Ademais, os dous textos, sobre todo a *Canzón do destino de Hiperión* son textos centrais na obra de Hölderlin. Sen embargo, trátase de traducións pouco logradas, marcadas por un hiperenxebrismo exhaustivo, modificando, banalizando e malentendendo en parte o texto orixinal²⁴.

A recepción xeral²⁵ de Hölderlin en España na posguerra, que non podemos seguir aquí, céntrase sobre todo no interese filosófico despois da publicación castelá do libro de Heidegger, *Interpretacións da poesía de Hölderlin*. Nos últimos anos, a súa obra renace en España a través das traducións de Jesús Munárriz, de Jenaro Talens e de Anacleto Ferrer e sobre todo a través das actividades da editorial dirixida polo primeiro destes co nome que fai referencia a Hölderlin: a editorial *Hiperión* de Madrid²⁶.

5. Os textos

Para vermos as dificultades e os problemas fundamentais das traducións de textos hölderlinianos ao galego, colleremos o exemplo do texto *Lebensalter* na súa

23. Cf. Seixas Seoane.

24. Só dous exemplos da *Canzón do destino*: os “selige Genien”, que nas distintas versións ao castelán e ao catalán encontraron solucións máis ou menos axeitadas (Manuel de Montoliu 1921: *Genios venturosos*, Riba 1922: *Genis felixos*, Riba 1942: *Genios felices*, Cernuda 1935: *genios celestiales*, Valverde 1949: *bienaventurados Genios*, Bravo-Villasante 1953: *sagrados genios*, Munárriz 1976: *genios felices*, Gorbea 1977: *genios venturosos*), tradúcense por “benaventurados anxeliños”. O “von Klippe zu Klippe geworfen” (Montoliu 1921: *al caer de peña en peña*, Riba 1922: *de roca a roca llançada*, Riba 1942: *de peña a peña arrojada*, Cernuda 1935: *arrojada de una peña a otra peña*, Valverde 1949: *de peñasco en peñasco arrojada*, Bravo-Villasante 1953: *lanzada de peñasco en peñasco*, Munárriz 1976: *de roca en roca arrojada*, Gorbea 1977: *de peña en peña resbalando*) tradúcese por “vai de pedra en pedra”. Sabemos da importancia da palabra *pedra* na obra de Celso Emilio, pero aquí destroza a imaxe da auga salvaxe que é arroxada dunha rocha a outra.

25. A historia da recepción de Hölderlin evidentemente non se pode limitar ás súas traducións. Hölderlin, para moitos poetas en España e tamén en Galicia, é unha referencia fundamental. Poderíase por exemplo escribir a historia das influencias indirectas de Hölderlin ou dos textos que fan referencia á súa vida ou obra, como por exemplo o famoso poema *Johann Christian Friedrich Hölderlin*, de Aquilino Iglesia Alvariño (publicado en 1947 como parte de *Cómaros verdes*).

26. Só unhas palabras acerca de Hölderlin en Portugal. Sobre todo dende fóra de Galicia e pensando no remoto pasado común galego-portugués, moitas veces pénsase que os influxos culturais en Galicia son máis portugueses ca españois. Pero na realidade, máis alá de contactos esporádicos dalgúns intelectuais, a recepción cultural a través de Portugal adoita ser escasa (cousa que parece estar cambiando dende hai máis ben pouco). Ademais, a recepción de Hölderlin en Portugal é máis recente ca española. No 1943 publicanse varias traducións na revista *A esfera*, e nos anos 40 e 50 publícanse as traducións do coñecido xermanista Paulo Quintela. Hai poucos anos, no 1992, publicáronse as traducións das *Elegias* por Maria Teresa Dias Furtado, e en 1997, a mesma traductora publicou a súa versión do *Hyperion*.

traducción por Cunqueiro. Na revista *Nós* en 1933-34, o texto publícase da seguinte forma:

Lebensalter

Ihr Städte des Euphrats!
Ihr Gassen von Palmyra!
Ihr Säulenwälder in der Ebne
der Wüste,
Was seid ihr?
Euch hat die Kronen,
Dieweil ihr über die Grenze

Der Othmenden seid gegangen,
Von Himmlischen der Rauchdampf und
Hinweg das Feuer genommen;
Jetzt aber sitz ich unter Wolken (deren
Ein jedes eine Ruh hat eigen) unter
Wohleingerichteten Eichen, auf
Der Heide des Rehs, und fremd
Erscheinen und gestorben mir
Der Seligen Geister.
(Hölderlin)

Idades da vida

Vos vilas do Eufrates!
E vos rúas de Palmira!
Os vosos bosques de colunas
sober do chán do deserto
onde están?
Hai que coronarvos
–agora que xa pasástedes do linde do
que respira–

co fume dos deuses celestes
cos fogos que ao lonxe vos foron acesos.
Namentras eu estou sentado nas nubes
–cada un descansa a súa maneira–
sober de carballos ben plantados
e sober as terras dos corzos.
Extranxeiros e mortos parécenme
almas de benaventurados.
(trad. de Cunqueiro)

Como xa dixemos²⁷, trátase, en realidade, dunha traducción feita non a base do orixinal senón a base da versión francesa de Pierre Jean Jouve (con colaboración de Pierre Klossowski):

Ages de la vie

Vous villes de l'Euphrate!
Et vous rues de Palmyre!
Vous forêts de piliers sur
le plan du désert,
Qu'êtes-vous?
Vous couronnes,
alors que vous passiez
limite de ce qui respire,
Par la fumée des dieux célestes et
Par le feu au loin vous furent enlevées.
Et maintenant je suis assis sous les nuages
(Dont chacun a son repos particulier)
sous
Les chênes bien aménagés, et sur
Sur la lande du chevreuil,
Étrangères et mortes me semblent
Les âmes des bienheureux.
(trad. de Jouve/Klossowski)

Idades da vida

Vos vilas do Eufrates!
E vos rúas de Palmira!
Os vosos bosques de colunas sober
do chán do deserto
onde están?
Hai que coronarvos
–agora que xa pasástedes do Outre la
linde do que respira–
co fume dos deuses celestes
cos fogos que ao lonxe vos foron acesos.
Namentras eu estou sentado nas nubes
–cada un descansa a súa maneira–
sober de carballos ben plantados
e sober as terras dos corzos.
Extranxeiros e mortos parécenme
almas de benaventurados.
(trad. de Cunqueiro)

27. Vid. nota 17.

Os problemas que presenta a traducción galega pódense repartir en dous grandes bloques. Por unha parte, son problemas de comprensión dos textos orixinais, e pola outra, problemas da lingua de chegada, neste caso a galega, coas súas tradicións particulares ou a falta delas. Os primeiros son xeralmente problemas do traductor mentres que os últimos son problemas da lingua. Ademais, estes problemas agrávanse por non traducir Cunqueiro do orixinal senón da versión francesa, habendo entón dúas posibles fontes de erros. Se miramos o texto da traducción cunqueiriana, vemos por unha parte liberdades de traducción aínda xustificábeis (como este “onde están” por “was seid ihr”, que na versión francesa aparece axeitadamente como “Qu’êtes vous”, que sería máis ben “que sodes” ou “que é de vós”) ou calcos do vocativo do orixinal xa algo discutíbeis coma o “vos vilas de Éufrates!” por “Ihr Städte des Euphrats”, “Vous villes de l’Euphrate” na versión francesa, que en galego podería ser un simple “¡Vilas de Éufrates!” ou, en todo caso, algo como “Ai, vilas de Éufrates” ou “¡Oh vilas de Éufrates!” Pero hai tamén claros erros de comprensión –en todo caso difícil– do texto orixinal. No texto alemán, o terceiro verso segue na enumeración de obxectos perdidos por mor da vaidade do mundo mentres o texto galego inventa unha posesión: “os vosos bosques”, malinterpretando probablemente o “Vous forêts” como “vos forêts”²⁸. No mesmo verso, tradúcese “in der Ebne der Wüste” por “sober do chan do deserto”, que sería máis ben “na chaira do deserto”. Esta solución pódese explicar pola liberdade do traductor, pero supoñemos que se trata máis ben dun malentendido producido pola versión francesa, que traduce aquí tamén con certa liberdade “sur le plan du désert”. Evidentemente aparece nos dicionarios a palabra *llano* como traducción de *Ebene*. Pero, ao meu ver, *llano* só corresponde ao gal. *chan* como adxectivo e non como substantivo, que sería *chaira*. Pero o erro máis grave de toda a traducción aparece nos versos seguintes: a estrutura do texto de Hölderlin é aquí algo complexa e hai que descifrala antes de podela comprender tamén nunha lectura inmediata na lingua orixinal. É a seguinte: “Die Kronen (die Himmlische tragen) sind euch vom Rauchdampf und vom Feuer weggenommen worden, als ihr über die Grenze der Atmenden gegangen seid.” Na fase semasiolóxica, primeira fase do proceso de traducción (*vid.* Coseriu, 1977, 223), o que facemos é precisamente isto: intentamos entender “lo que el texto original designa” (*ibid.*). Despois intentamos “hallar significados de la lengua de llegada que puedan designar lo mismo” (*ibid.*). A estrutura que desciframos no orixinal corresponde máis ou menos a: “As coroas (características de celestiais) fóronvos quitadas polo bafo do fume e polo lume no momento de pasardes por riba do límite dos que respiran.” Esta é a base do significado, evidentemente non é a traducción, pero é a base desta estrutura que o traductor elabora o seu texto. Unha vez entendido o significado básico, temos que ver ata qué punto podemos tamén ter en conta outros factores como o ritmo²⁹, a ruptura da linealidade que hai no orixinal por varias interpolacións ou tal vez outros factores. Cunqueiro, sen

28. Poderíase dudar, neste exemplo e noutros, que Cunqueiro realmente dispuxese da versión francesa impresa ou se os erros se explican porque só tiña unha copia defectuosa dalgúns textos do libro feita a man.

29. Non podo falar aquí con máis exhaustividade do problema do ritmo, pero habería que telo en conta: mentres Hölderlin emprega por exemplo no poema *Der Frühling* un verso iámbico de cinco pes, na traducción de Cunqueiro óptase polo verso libre (data este poema xa da época da loucura, da serie dos chamados Scardanelli-Gedichte, firmados por Hölderlin con pseudónimo e datados arbitrariamente, poemas que son máis ben parodias que non textos serios e que escribía na torre de Tubinga e regalaba aos seus visitantes).

embargo, descoñecendo a lingua orixinal, non presenta unha verdadeira tradución senón un texto que parece ser produto do azar ou un invento feito a base de correspondencias casuais atopadas nun dicionario. Por exemplo, malinterpreta “hai que coronarvos” onde se fala de coroas perdidas ou quitadas e o texto francés traduce axeitadamente “Vos couronnes [...] vous furent enlevées”. Despois inventa unha coroa que consiste no “fume dos deuses celestes”, evidentemente por tradución do francés “par la fumée des dieux célestes”. Pero na versión francesa o fume é o axente da frase pasiva, que en forma activa sería “o fume [...] quitouvos as coroas”. No francés, a estrutura xeral do texto corresponde ao orixinal, pero malinterpretase xa nesta primeira tradución o fume como “fume dos deuses”, “fumée des dieux”. No orixinal, sen embargo, o xenitivo refírese ás coroas (“coroas de Deuses”); e o fume é o elemento que lles quitou ás cidades do Éufrates e ás rúas de Palmira as coroas divinas (“die Kronen [...] von Himmlischen”). Ademais, o orixinal fai aquí unha clara alusión á Biblia, a un versículo dos Feitos dos Apóstolos (2, 19), que na tradución de Lutero é “Und ich will Wunder tun oben am Himmel und Zeichen unten auf Erden, Blut und Feuer und Rauchdampf”³⁰, do sermón de Pentecostés pronunciado por San Pedro; a Biblia galega, inexistente en tempos da tradución cunqueiriana, traduce “Farei marabillas, enriba nos ceos, e sinais embaixo na terra: Sangue e lume e bafaradas de fume.” O “Hinweg”, na mesma frase, tradúcese por “ao lonxe”, igual que no francés “au loin”, perdéndose así a direccionalidade da acción de quitar as coroas; e as nubes, das que “cada unha ten a súa propia tranquilidade”, “jedes eine Ruh hat eigen”, traducido ben por Jouve por “chacun a son repos particulier”, dise nun ton algo máis enxebre: “cada un descansa á súa maneira” (hai máis problemas deste tipo, pero voume deter aquí).

O que se ve en seguida é un fenómeno moi estendido na tradución da poesía alemana ás linguas da península ibérica: os tradutores non entenden os textos orixinais, e onde non os entenden, inventan. O malentendido fundamental que existe moitas veces nos tradutores é que pensan que en Hölderlin hai versos case herméticos e incomprensíbeis. Sen embargo, en practicamente toda a poesía hölderliniana hai estruturas claras e ben intelixibles, aínda que ás veces difíciles de desenredar dada a complicada estrutura sintáctica e textual.

O segundo problema de tradución xa non se refire á comprensión do orixinal senón á lingua de chegada. A lingua cunqueiriana é unha lingua aínda non elaborada, típica da época na que escribe, con numerosas formas que hoxe en día consideramos falsas analoxías, ou hiperenxebrismos como “primaveira”, “diviño”, “brilar”, “brillante”, etc., outras que na actualidade son proscritas por seren castellanismos como “coronar” ou “había ido” ou outras que clasificamos baixo o criterio de “dialectanismos” como “froles”, “sober”, “adeprender”, etc.³¹ Todos estes factores xa non presentan ningún “problema” dada a existencia dunha codificación que dá unha clara referencia aos escritores, cos seus respectivos manuais e

30. Este versículo, pola súa parte, fai alusión a Xoel 3,3 (na versión de Lutero: “ich will Wunderzeichen geben am Himmel und auf Erden: Blut, Feuer und Rauchdampf”), onde a Biblia galega actual, sen reproducir a intertextualidade, fala de “sangue, lume e columnas de fume”. A mesma alusión volve aparecer no ensaio hímico *Einst hab ich die Muse gefragt*, onde Hölderlin escribe “und Feuer und Rauchdampf blüht/ Auf dürrem Rasen”.

31. Todos os exemplos atópanse nos textos publicados en *Nós* no 1933-34.

diccionarios, que a un traductor de hoxe lle ofrecen instrumentos de traballo moi importantes³². Ademais, no galego estase a construír todo un universo textual que permite cada vez máis reproducir certas alusións intertextuais frecuentes na poesía universal, como por exemplo a alusión bíblica enriba citada. Hoxe en día, existen unha *Divina commedia*, un *Canzoniere* e unha *Ilíada* galegos, obras importantes para a creación dun mundo literario-poético e mítico³³.

Pero á parte do problema de codificación, xa solucionado dende hai algúns anos, hai outro fenómeno nos textos de Cunqueiro que é moito máis difícil de describir e de remediar: chama a atención –como en grande parte da literatura galega– o esforzo que fai por galeguizar os textos e por fuxir do castelán, esforzo que nalgunha que outra ocasión leva a empobrecer as traducións. Todo é “olla” e “semella”, todo é “ledicia” e “ledo”. Onde, no texto orixinal, por exemplo hai variación entre “munter” e “Von Freuden”, o texto galego simplifica e emprega dúas veces formas do mesmo étimo: “ledo” e “lediza” (vs. 3 e 4)³⁴.

Esta presenza indirecta do castelán da que xa falei en varios traballos con máis ou menos exhaustividade³⁵ vén sendo condicionada pola biografía lingüística non só de Cunqueiro senón tamén de moitos dos tradutores actuais, pero tamén do modelo da lingua escrita castelá, sempre presente (ou, se non está presente de forma tan directa en casos recentes de tradutores novos, está presente a través da propia tradición da lingua literaria galega, debaixo da que a miúdo atopamos un palimpsesto escrito en castelán).

6. *Idades da vida*: catro versións cunqueirianas

Xa mencionamos o feito de que entre as traducións de Cunqueiro coexistan catro versións dun mesmo poema de Hölderlin³⁶, criticando algúns erros de adaptación da primeira tradución de *Lebensalter*, a que foi publicada en *Nós* no 1933-34. Na segunda versión, de 1950, Cunqueiro corrixe algúns dos versos:

32. Na antoloxía publicada por González Gómez en 1991, os textos de Cunqueiro aparecen de forma parcialmente “normativizada” segundo a normativa actual da Academia Galega. Cun criterio algo arbitrario dise na introducción que se mantiveron “certas formas propiamente cunqueirianas” (González Gómez 1991, p. 13). Na polémica actual sobre os criterios de corrección das reedicións de literatura galega anterior á normativización confúndese (como pode ocorrer tamén noutras comunidades) a miúdo o que é *estilo particular dun autor* co que son *problemas xerais dunha lingua aínda non elaborada*.

33. Sen embargo, hai que advertir que a mera existencia destas obras non é comparábel á destas noutras culturas: a tradición galega destes textos aínda segue marxinal e pouco arraigada, como se ve por exemplo no baixo grao de coñecemento dos textos bíblicos en galego, onde a lingua de referencia da maioría dos galegos segue sendo a castelá.

34. Poderíase escribir un artigo sobre a frecuencia da palabra *ledo* na poesía galega: é unha palabra altamente empregada tanto pola súa sonoridade coma porque fai unha certa alusión á literatura medieval, pero sobre todo, porque non ten equivalente do mesmo étimo en castelán. A tendencia diferenciadora é aínda máis acentuada nas versións de Antonio Blanco Freijeiro e Celso Emilio Ferreiro enriba citadas.

35. *Vid.*, por exemplo, Kabatek 1991, 1996 e 1997, e tamén Álvarez Blanco 1994.

36. González Gómez (1990, pp. 128 ss.) fala de *tres* versións, descoñecendo a versión publicada no folleto de 1950.

Idades da vida

Vòs, vilas do Eufrates!
E vós rúas de Palmyra!
Os vosos bosques de colunas sober do chán do deserto
qué queren?
Fóstedes coroadas
–agora que xa pasàstedes o lindeiro do que alenta–
póla fumareda dos deuses celestes
e pòlos fogos que ao lonxe vos foron acesos.
E namentras eu estóu sentado nas núbens
–cada cal descansa ao seu xeito–,
baixo carballos ben prantados
e póla terra onde galopa o corzo,
Estranxeiros e mortos parècenme
almas de benaventurados.
(trad. de Cunqueiro, versión de 1950)

Esta versión corrixe sen embargo os erros da primeira traducción substituíndoos por outros. Corríxese o “onde están?” por “qué queren?”, que corresponde aínda moito menos ao sentido do orixinal xa que se trata do laio da perda de cidades, rúas e columnas. Segue o erro do posesivo no terceiro elemento da enumeración, e o “hai que coronarvos” pasa agora a “fóstedes coroadas”, ignorando igualmente o significado do orixinal. Non se trata, entón, dunha traducción mellorada senón doutra versión do mesmo xeito equivocada.

Un auténtico avance dáse nunha versión publicada bastante máis tarde, en 1970, no *Faro de Vigo*³⁷ e baixo o pseudónimo de Manuel María Seoane, na que por fin se comprendeu o sentido da frase das coroas e se interpreta tal como xa fixeran moito antes Jouve e Klossowski na versión que Cunqueiro dixo coñecer:

Idades da vida

Vos, vilas do Eufrates!
E vos rúas de Palmira!
Os vosos bosques de colunas no chán do deserto
qué dicen?
As vosas coroas
–namentras que pasades
máis aló do lindeiro do que alenta,
pólo fume dos deuses celestes e
pólo lume que arde ó lonxe, vos foron roubadas.
E agora que eu estóu sentado baixo as nubens
–cada un escolle o asento que lle vai–
baixo os carballos ben aliñados, e sober
da chaira onde agalopa o corzo,
Estranxeiros e mortos parècenme
almas de benaventurados.
(trad. de Cunqueiro, versión de 1970)

37. Citámola segundo o libro de González Gómez (1990, p. 129).

Aínda aquí atopamos solucións ben discutíbeis, pero o sentido fundamental do texto parece máis ou menos salvado. Parece estraño, por conseguinte, que se publicase aínda cinco anos despois, no mesmo *Faro de Vigo*, outra versión do poema, desta vez asinada por S. S. e volvendo de novo aos erros das primeiras traducións. Xesús González Gómez fala, equivocadamente, da *terceira* versión insinuando que nela influiría dalgún xeito o coñecemento das versións de Hölderlin de José Miguel Mínguez por Cunqueiro (González Gómez 1990, 129).

Idades da vida

Vòs, vilas do Eufrates!
 E vos ruas de Palmira!
 Os vosos bosques de columnas sobre do chán do deserto
 qué queren?
 Fóstedes coroadas
 –agora que xa pasàstedes o lindeiro do que alenta–
 póla fumareda dos deuses celestes
 e pòlos fogos que ao lonxe vos foron acesos.
 E namentras eu estou sentado nas núbens
 –cada quisque descansa ao seu xeito–
 sob carballos ben medrados
 e póla terra onde agallopa o corzo,
 Etranxeiros e mortos parècenme
 almas de benaventurados.
 (trad. de Cunqueiro, versión de 1975)

Se comparamos esta derradeira versión coas anteriores, vese claramente que non presenta ningún avance con respecto á penúltima e que ademais non se trata dunha versión nova que perfeccionase aínda a anterior: trátase, de feito, da versión publicada no folleto de 1950, que aparece aquí só con moi lixeiras alteracións, sobre todo gráficas, que resumimos aquí:

Versión de 1950	Versión de 1975
Palmyra	Palmira
cada cal descansa	cada quisque descansa
baixo carballos ben prantados	sob carballos ben medrados
Galopa	agallopa

Trátase, entón, de textos case idénticos. O que non sabemos é por qué o xornal de Vigo publica unha versión superada cinco anos despois doutra moito máis lograda. Non se pode tratar aquí, como sospeita González Gómez, dun afán de perfección, xa que Cunqueiro, mesmo cos seus coñecementos rudimentarios de alemán e francés, tivo que se dar conta do feito de que a súa tradución de 1970 acertaba bastante máis cás anteriores. Non temos, polo tanto, explicación desta estraña publicación, e supoño que será difícil atopala³⁸.

38. Poderíase pensar –aínda que por mera especulación– que o *Faro de Vigo*, ao que Cunqueiro “cada semana entregaba [...] como mínimo un poema vertido ao galego, cando non eran máis” (González Gómez 1991, 6) dispuña dunha especie de colección das versións de Cunqueiro e que publicou a versión en 1975 por unha equivocación da redacción.

7. Hölderlin en galego, na actualidade

Hai que preguntarse, agora despois desta viaxe a través dos intentos de traducción de Hölderlin ao galego no pasado, sobre as dificultades que presentaría un proxecto de traducción exhaustivo hoxe en día. Aínda que exista agora unha codificación oficial, aínda que haxa dicionarios e máis obras de referencia, os textos de Hölderlin presentan problemas que ben xustifican volver á pregunta do principio de se realmente é posible traducilos ao galego³⁹.

En primeiro lugar, en canto á comprensión dos textos orixinais, Hölderlin parece –se non entramos na cuestión xeral de se a traducción como tal é utópica ou posíbel– perfectamente traducíbel a calquera lingua e polo tanto tamén á galega. Dende hai uns anos, estanse a formar novas xeracións de xermanistas en Galicia que saben ben tanto alemán coma galego e que poderían emprender unha tarefa semellante. Un problema parece ser a sintaxe estraña da poesía hölderliniana: pero moitas veces, esta sintaxe é igual de estraña en alemán, e nada impide provocar o mesmo efecto en galego. Un problema grave é a falta de tradicións poéticas: Hölderlin sae en moitas ocasións conscientemente da norma do alemán, a súa linguaxe adquire así esa maxia especial. O galego é unha lingua con tan pouca tradición poética que será difícil conseguir os mesmos efectos. Pero o problema máis grave segue sendo, dende o meu punto de vista, a presenza do castelán como lingua modelo dos textos poéticos, da que os tradutores ao galego intentan escapar empregando con alta frecuencia formas diferenciais pero da que, dalgún modo, non hai fuxida posíbel.

Remato entón cunha conclusión algo ambigua: Hölderlin é un dos poetas máis importantes e interesantes da literatura universal. A súa obra foi recibida na Península Ibérica por varias vías ao longo deste século. Ao galego, só existen traduccións soltas de obras marxinais, feitas sen profesionalidade, de valor máis ben anecdótico e que non serven de modelo para a actualidade. Hoxe en día, parécese traducíbel tamén a obra máis destacada de Hölderlin, é dicir, os grandes Himnos, o *Empédocles* ou o *Hiperión*, pero os tradutores deben saber que se trata de textos en parte moi difíciles de comprender e que esixen un coñecemento amplo do mundo mítico grego, da Biblia e –se lle cremos a Pierre Bertaux as numerosas alusións políticas que atopa na obra de Hölderlin– do mundo contemporáneo ao poeta. Por outra parte, esixen evidentemente coñecementos excelentes de galego e unha conciencia de que un tradutor aquí, moito máis que cando se traduce a unha das grandes linguas de cultura, actúa como creador de tradicións, mesmo cando polo texto que crea intenta demostrar que as está sobrepaando.

39. Non quero entrar aquí en cuestións de prestixio lingüístico ou de política idiomática ben coñecidas dos que parten da idea de que hai que traducir precisamente os textos máis difíciles para elevar a lingua galega ao nivel das grandes linguas de cultura.

Apéndice: poemas de Hölderlin traducidos por Cunqueiro na revista *Nós* en 1933-34 xunto coa versión orixinal e a versión francesa intermediaria de Jouve/Klossowski:

Abbitte

Heilig Wesen!
Gestört hab ich die goldene
Götterruhe dir oft,
und der geheimen,
Tiefen Schmerzen
des Lebens
Hast du manche gelernt von mir.

O vergiß es, vergib!
Gleich dem Gewölke dort
Vor dem friedlichen Mond, geh ich
dahin, und du
Ruhst und glänzt in deiner
Schöne wieder, du süßes Licht!

Lebensalter

Ihr Städte des Euphrat!
Ihr Gassen von Palmyra!
Ihr Säulenwälder in der
Ebne der Wüste,
Was seid ihr?
Euch hat die Kronen,
Dieweil ihr über die Grenze
Der Othmenden seid gegangen,
Von Himmlischen der Rauchdampf
und
Hinweg das Feuer genommen;
Jetzt aber sitz ich unter Wolken
(deren
Ein jedes eine Ruh hat eigen) unter

Wohleingerichteten Eichen, auf
Der Heide des Rehs, und fremd
Erscheinen und gestorben mir
Der Seligen Geister.

Der Frühling

Es kommt der neue Tag aus fernem
Höhn herunter,
Der Morgen, der erwacht ist aus den
Dämmerungen,
Er lacht die Menschheit an,
geschmückt und munter,
Von Freuden ist die Menschheit sanft
durchdrungen.

Ein neues Leben will der Zukunft
sich enthüllen,
Mit Blüten scheint, dem Zeichen
froher Tage,
Das große Tal, die Erde sich zu füllen,
Entfernt dagegen ist zur
Frühlingszeit die Klage.
Mit Untertänigkeit
d: 3ten März 1648 Scardanelli
(Hölderlin)

Pardon

Divine créature!
oh j'ai troublé
Le vermeil repos
doré des dieux en toi,
Et sur le secret
profond mal de la vie
As-tu beaucoup appris de moi.

Oublie-le et pardonne! et pareil au
nuage
Devant la tranquille
lune je m'en vais d'ici
Et tu reposes, tu brilles dans ta
Beauté retrouvée, ô douce lumière.

Agés de la vie

Vous villes de l'Euphrate!
Et vous rues de Palmyre!
Vous forêts de piliers sur le plan du
désert
Qu'êtes-vous?
Vous couronnes,
alors que vous passiez
Outre la limite de ce qui respire,
Par la fumée des dieux célestes et
Par le feu au loin vous furent
enlevées.
Et maintenant je suis assis sous les
nuages
(Dont chacun a son repos particulier)
Sous
Les chênes bien aménagés, et sur
Sur la lande du chevreuil,
Étrangères et mortes me semblent
Les âmes des bienheureux.

Printemps

Il descend le nouveau jour des
hauteurs lointaines,
Le matin, qui des crépuscules s'est
réveillé,
Il rit à l'humanité et gai et orné,
L'humanité est pénétrée d'une joie
douce.

La vie nouvelle est révélée dans
l'avenir,
On croit voir la grande vallée et toute
la terre
S'emplier de fleurs, signe des joyeux
jours,
Et par contre au printemps la plainte
est éloignée.
Avec humilité le 3 mars 1648
Scardanelli
(trad. de Jouve/Klossowski)

Adeus

Diviña criatura!
eu turbei en tí
o vermello dourado
descanso dos deuses.
Sober do segredo profundo
mal da vida
adeprendiche moito en mfn.

Esquece todo.
Eu voume d-eiquí
semellante a unha nube que pasou
diante a lua
e tí descansas e brilas novamente
na túa nova e bela luz.

Idades da vida

Vos vilas do Eufrates!
E vos rúas de Palmira!
Os vosos bosques de colunas
sober do chán do deserto
onde están?
Hai que coronavos
–agora que xa pasástedes do linde do
que respira–
co fume dos deuses celestes
cos fogos que ao lonxe vos foron
acesos.
Namentras eu estou sentado nas
nubes

–cada un descansa a súa maneira–
sober de carballos ben plantados
e sober as terras dos corzos.
Extranxeiros e mortos paréceme
almas de benaventurados.

Primaveira

Desce un día novo das outuras
lonxanas.
A mañán que xa se despreguizou do
crepúsculos
leda e decorativa sorrí ás xentes.
Ás xentes que están cheas de doce
lediza.

Semella quererse revelar o porvir
óllase o inmenso val e toda a terra
encherse de froles
– sinal de brillantes días –.
Pola primaveira sempre están lonxe
as bágoas.

(trad. de Cunqueiro)

Bibliografía

Alonso Montero, Xesús (ed.), *Carles Riba e Galicia*, Vigo: Galaxia, 1983.

Álvarez Blanco, Rosario, “Gramática descriptiva e gramática prescritiva”, *Cadernos de Lingua* 10, 1994, pp. 19–35.

Cernuda, Luis, *Poesía completa*, (Obra completa, Vol. I), ed. de Derek Harris e Luis Maristany, Madrid: Siruela, 1993.

Cernuda, Luis, *Prosa I*, (Obra completa, Vol. II), ed. de Derek Harris e Luis Maristany, Madrid: Siruela, 1994^a.

Cernuda, Luis, *Prosa II*, (Obra completa, Vol. III), ed. de Derek Harris y Luis Maristany, Madrid: Siruela, 1994b.

Coleman, Alexander, *Other Voices: A Study of the Late Poetry of Luis Cernuda*, Chapel Hill: University of North Carolina Press, 1969.

Coseriu, Eugenio, “Lo erróneo y lo acertado en la teoría de la traducción”, en: *El hombre y su lenguaje. Estudios de teoría y metodología lingüística*, Madrid: Gredos, 1977, pp. 214–239.

Ferrer, Anacleto, “Bemerkungen bezüglich der Rezeption Hölderlins in Spanien”, *Hölderlin Jahrbuch* 29, 1994–95, pp. 103–111.

Ferrer, Anacleto, “Ocho traducciones de la *Hyperions Schicksalslied*”, manuscrito mecanografiado sen data.

González Gómez, Xesús, *Álvaro Cunqueiro traductor*, A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1990.

González Gómez, Xesús (ed.), *Álvaro Cunqueiro: Flor de diversos. Escolma de poetas traducidos*, Vigo: Galaxia, 1991.

Hellingrath, Norbert von, *Hölderlin. Zwei Vorträge. Hölderlin und die Deutschen. Hölderlins Wahnsinn*, München: Hugo Bruckmann, 1921.

Hoffmann, Paul, “Hölderlins Weltrezeption”, *Hölderlin Jahrbuch* 29, 1994–95, pp. 1–21.

Hölderlin, Friedrich, *Sämtliche Werke*, ed. de Friedrich Beissner, Stuttgart: Cotta, 1944.

“Holderlin [sic] traducido ao galego por Cunqueiro”, *Grial*, n° 72, 1981, pp. 272–273.

Jouve, Pierre Jean, *Poèmes de la folie de Hölderlin*, avec la collaboration de Pierre Klossowski. Avant-propos par Bernard Groethuysen, Paris: Gallimard, 1930.

Kabatek, Johannes, “Interferencias entre galego e castelán: problemas do galego estándar”, *Cadernos de Lingua* 4, 1991, pp. 39–48.

———, *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart*, Tübingen: Niemeyer, 1996.

Kabatek, Johannes, “Strengthening identity: differentiation and change in contemporary Galician”, in: Jenny Cheshire u. Dieter Stein (eds.): *Taming the Vernacular. From Dialect to Written Standard Language*, London/New York: Longman, 1997, pp. 185–199.

Medina, Jaume, *Carles Riba i Friedrich Hölderlin*, Barcelona: Publicacions de l’Abadia de Montserrat, 1987.

Rodríguez Fer, Claudio, “A poesía galega de Álvaro Cunqueiro”, *Grial*, n° 72, 1981, pp. 171–182.

Seixas Seoane, Miguel Anxo, “Traduccións e versións do alemán ó galego: inventario de 1896 a 1996”, *Actas do 1º congreso internacional: Historia e actualidade da lingua galega*, Santiago de Compostela, Setembro de 1996, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago (no prelo).